



*Resolución do 11 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de Chinés (592004) e Xaponés (592013); no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de Viola da Gamba (594432) e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidade de Deseño de Moda (595510), convocado pola Resolución do 29 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia n.º 191, do 6 de outubro; corrección de erros do 19 de outubro).*

Por unha Resolución do 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, (*Diario Oficial de Galicia* n.º 191, do 6 de outubro; corrección de erros do 19 de outubro) convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de Chinés (592004) e Xaponés (592013); no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de Viola da Gamba (594432) e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidade de Deseño de Moda (595510).

Por unha resolución do 20 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das citadas listas de interinidades e substitucións, e publicouse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de Chinés (592004) e Xaponés



(592013); no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de Viola da Gamba (594432) e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidade de Deseño de Moda (595510).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto no parágrafo segundo da base sétima da convocatoria acordada pola Resolución do 29 de setembro de 2017, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

